



Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

Articulado

Índice

TÍTULO I	9
DISPOSICIÓN XERAIS	9
Artigo 1. <i>Obxecto</i>	9
Artigo 2. <i>Ámbito de aplicación</i>	9
Artigo 3. <i>A etapa de bacharelato</i>	9
Artigo 4. <i>Fins</i>	9
Artigo 5. <i>Principios xerais</i>	10
TÍTULO II	10
ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	10
CAPÍTULO I	10
CURRÍCULO E ORGANIZACIÓN	10
Artigo 6. <i>Currículo</i>	10
Artigo 7. <i>Obxectivos xerais da etapa</i>	11
Artigo 8. <i>Competencias clave</i>	13
Artigo 9. <i>Organización xeral</i>	13
Artigo 10. <i>Organización do primeiro curso</i>	14
Artigo 11. <i>Organización do segundo curso</i>	16
Artigo 12. <i>Organización do bacharelato en tres anos académicos</i>	18
Artigo 13. <i>Estrutura curricular das materias</i>	19
Artigo 14. <i>Horario</i>	19
CAPÍTULO II	20
DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO	20
Artigo 15. <i>Autonomía dos centros</i>	20
Artigo 16. <i>Concreción curricular</i>	20
Artigo 17. <i>Programacións didácticas</i>	21
Artigo 18. <i>Principios pedagóxicos</i>	22
Artigo 19. <i>Elementos transversais</i>	23
CAPÍTULO III	24
TITORÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	24
Artigo 20. <i>Titoría e orientación</i>	24
Artigo 21. <i>Atención á diversidade</i>	24
CAPÍTULO IV	25
AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN	25
Artigo 22. <i>Avaliación</i>	25
Artigo 23. <i>Promoción</i>	26



Artigo 24. <i>Título de bacharel</i>	27
Artigo 25. <i>Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas</i>	28
Artigo 26. <i>Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva</i>	28
Artigo 27. <i>Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais</i>	29
TÍTULO III	29
DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN	29
Artigo 28. <i>Documentos e informes de avaliación</i>	29
Artigo 29. <i>Actas de avaliación</i>	30
Artigo 30. <i>Expediente académico</i>	30
Artigo 31. <i>Historial académico</i>	31
Artigo 32. <i>Informe persoal por traslado</i>	31
Artigo 33. <i>Autenticidade, seguridade e confidencialidade</i>	32
TÍTULO IV	32
PLANS EDUCATIVOS	32
Artigo 34. <i>Bibliotecas escolares e lectura</i>	32
Artigo 35. <i>Educación dixital</i>	33
Artigo 36. <i>Promoción de estilos de vida saudables</i>	33
Disposicións	34
Disposicións adicionais	34
Disposición adicional primeira. <i>Ensinanza de relixión</i>	34
Disposición adicional segunda. <i>Aprendizaxe de linguas estranxeiras</i>	34
Disposición adicional terceira. <i>Educación de persoas adultas</i>	35
Disposición adicional cuarta. <i>Obtención de novas modalidades de bacharelato</i>	36
Disposición adicional quinta. <i>Simultaneidade de estudos</i>	36
Disposicións derogatorias	36
Disposición derogatoria única. <i>Derrogación normativa</i>	36
Disposicións derradeiras	36
Disposición derradeira primeira. <i>Calendario de implantación</i>	36
Disposición derradeira segunda. <i>Desenvolvemento normativo</i>	37
Disposición derradeira terceira. <i>Entrada en vigor</i>	37
Anexo IV	38
Distribución horaria	38
1.1 <i>Distribución horaria da etapa</i>	38
1.2 <i>Distribución horaria por cursos</i>	40



I

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, establecendo que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, á súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, e tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación ao bacharelato, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para o bacharelato, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación, a promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.



Este decreto ten por obxecto establecer o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 13 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

II

Son moitos os cambios que se produciron nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan ao papel da educación e á percepción que a sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construír a propia personalidade e para aprender ao longo da vida.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sustentable, que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica; e tamén o cambio dixital que se está a producir nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Todas estas importantes consideracións teñen que estar presentes na configuración dun currículo galego para a etapa de bacharelato, que permita establecer e homoxeneizar no territorio os dereitos formativos e de aprendizaxe do alumnado, pero tamén guiar o profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe que poña en práctica, permitíndolle ter unha base máis clara sobre a que desenvolver a súa docencia segundo as idades do alumnado. Nese sentido, unha das funcións do currículo será a de informar as e os docentes sobre o que se pretende acadar e proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo. Ademais, constitúe un referente para a



rendición de contas dentro do propio sistema educativo e para as avaliacións da calidade deste, entendidas como a súa capacidade para acadar as intencións educativas fixadas.

O currículo do bacharelato pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de bacharelato participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e aos fins do sistema educativo.

Este currículo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Todos estes enfoques están considerados neste decreto e van unidos ao recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión no desenvolvemento do currículo.



Desde o punto de vista formal, o decreto conta con trinta e seis artigos estruturados en catro títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O título I, de disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación, e concreta os fins e os principios xerais da etapa de bacharelato no marco do sistema educativo.

O título II, que se denomina «Organización e desenvolvemento», distribúese en catro capítulos.

No capítulo primeiro defínese o currículo e os elementos que o conforman, e concréntanse os obxectivos xerais e as competencias clave para esta etapa educativa. Abórdase a organización das materias da etapa, que son de tres tipos (comúns, específicas de modalidade e optativas), e a súa estrutura curricular, referida aos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos e as orientacións pedagóxicas. Tamén se regula a organización do bacharelato en catro modalidades: a de Artes, que á súa vez se organiza na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, e na vía de Música e Artes Escénicas; a de Ciencias e Tecnoloxía; a de Humanidades e Ciencias Sociais; e a Xeral, que supón unha novidade respecto á anterior lei educativa. Así mesmo, regúlase a posibilidade da organización do bacharelato en tres anos académicos. Finalmente, abórdase, tamén, o horario da etapa.

No capítulo segundo regúlase o desenvolvemento do currículo, potenciando a autonomía dos centros e establecendo o contido que deberán ter a concreción curricular e as programacións didácticas. Neste capítulo tamén se tratan os principios pedagóxicos da intervención educativa e os elementos transversais.

No capítulo terceiro trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade.

No capítulo cuarto regúlase a avaliación, a promoción e a titulación de bacharelato, establecendo o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións.

O título III regula os documentos oficiais de avaliación do alumnado; nel defínese cales deben ser os documentos e os informes de avaliación, regúlanse as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e o informe persoal por traslado, e establécense tamén as garantías para a súa autenticidade, seguridade e confidencialidade.

Por último, o título IV dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionar ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, no que a promoción do uso das tecnoloxías da



información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

O decreto finaliza con cinco disposicións adicionais, relativas á ensinanza da relixión, á aprendizaxe de linguas estranxeiras, á educación de persoas adultas, a obtención de novas modalidades de bacharelato e a simultaneidade de estudos; mais unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

Neste decreto inclúense, ademais, catro anexos: o anexo I, relativo ás competencias clave e aos descritores operativos que rexerán na etapa; o anexo II, sobre o currículo de cada materia da etapa, que se estrutura en introdución, obxectivos, criterios de avaliación e contidos organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa, e orientacións pedagóxicas; o anexo III, sobre a continuidade curricular en certas materias da etapa; e o anexo IV, no que se regula o horario escolar das materias en cada un dos cursos da etapa.

IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación do currículo da ensinanza do bacharelato conforme a nova redacción da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

De acordo co principio de proporcionalidade e de simplicidade, contén a regulación imprescindible da estrutura desta ensinanza ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

Conforme os principios de seguridade xurídica e eficiencia, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Cumpre tamén co principio de transparencia e accesibilidade, xa que se identifica claramente o seu propósito e durante o procedemento de tramitación da norma permitiuse a participación activa



das persoas potenciais destinatarias a través do trámite de audiencia e información pública no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ___ de ___ de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Borrador



TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto establecer o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 18.3 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

2. Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de bacharelato.

Artigo 3. *A etapa de bacharelato*

1. A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria.

2. O bacharelato é unha das ensinanzas que conforman a educación secundaria postobrigatoria, xunto coa formación profesional de grao medio, as ensinanzas artísticas profesionais, tanto de música e de danza como de artes plásticas e deseño de grao medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 12, a etapa comprende dous cursos, desenvólvese en modalidades diferentes e organízase de modo flexible en materias comúns, materias específicas de modalidade e materias optativas, coa finalidade de que poida ofrecer unha preparación especializada ás alumnas e aos alumnos.

Artigo 4. *Fins*

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e



o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Artigo 5. Principios xerais

1. Poderá acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de:

- a) graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria;
- b) técnica ou técnico de formación profesional;
- c) técnica superior ou técnico superior de formación profesional;
- d) técnica ou técnico de artes plásticas e deseño;
- e) técnica superior ou técnico superior de artes plásticas e deseño;
- f) técnica deportiva ou técnico deportivo;
- g) técnica deportiva superior ou técnico deportivo superior.

2. As alumnas e os alumnos poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

CAPÍTULO I

CURRÍCULO E ORGANIZACIÓN

Artigo 6. Currículo

1. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na citada lei.

2. Este decreto establece o currículo do bacharelato ao que se refire o artigo 6.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Para os efectos deste decreto enténdese o seguinte:

a) Obxectivos de etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.



b) Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Obxectivos de materia: desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das materias.

d) Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada materia nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da materia, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

e) Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha materia e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia.

f) Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias.

Artigo 7. *Obxectivos xerais da etapa*

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.



- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.



Artigo 8. *Competencias clave*

1. No anexo I defínense cada unha das competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do grao de adquisición das mesmas previsto ao finalizar a etapa. Para os efectos deste decreto, as competencias clave son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. O currículo que establece este decreto garante o desenvolvemento das competencias clave previsto no anexo I. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente os descritores operativos que se detallan nel.

Artigo 9. *Organización xeral*

1. As modalidades e, de ser o caso, as vías de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:

- a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.
- b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.
- c) Ciencias e Tecnoloxía.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.
- e) Xeral.

2. O alumnado de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción; e materias optativas.

3. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes na configuración da súa oferta poderán establecer agrupacións en itinerarios das materias específicas da modalidade elixida e das materias optativas, orientados aos diversos campos das ensinanzas superiores.



4. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias específicas das modalidades e, de ser o caso, vías que teñan autorizadas.

Só se poderá limitar a elección de materias específicas da modalidade ou, de ser o caso, da vía por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou vías, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Cando a oferta de materias específicas quede limitada nun centro docente por razóns organizativas, a consellería con competencias en materia de educación facilitará que as materias que non poidan impartirse por esta causa se poidan cursar mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes.

5. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo ao de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Artigo 10. *Organización do primeiro curso*

1. Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

- a) Educación Física.
- b) Filosofía.
- c) Lingua Castelá e Literatura I.
- d) Lingua Estranxeira I.
- e) Lingua Galega e Literatura I.

2. O alumnado da modalidade de Artes na vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Debuxo Artístico I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Cultura Audiovisual.
 - Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I.
 - Proxectos Artísticos.
 - Volume.



3. O alumnado da modalidade de Artes na vía Música e Artes Escénicas debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Análise Musical I ou Artes Escénicas I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Análise Musical I.
 - Artes Escénicas I.
 - Coro e Técnica Vocal I.
 - Cultura Audiovisual.
 - Linguaxe e Práctica Musical.

4. O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
 - Debuxo Técnico I.
 - Física e Química.
 - Tecnoloxía e Enxeñaría I.

5. O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.
- b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:
 - Economía.
 - Grego I.
 - Historia do Mundo Contemporáneo.
 - Latín I.
 - Literatura Universal.
 - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

6. O alumnado da modalidade Xeral debe cursar as seguintes materias de modalidade:



a) Matemáticas Xerais.

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Emprendemento e Actividade Empresarial.

– As materias de modalidade de primeiro curso que se ofrezan no centro.

7. Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

– Anatomía Aplicada.

– Antropoloxía.

– Cultura Científica.

– Segunda Lingua Estranxeira I.

– Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.

– Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.

– As materias de modalidade de primeiro curso das enumeradas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo das materias optativas ás que se refire este punto de acordo co establecido neste decreto.

Artigo 11. *Organización do segundo curso*

1. Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

a) Lingua Castelá e Literatura II.

b) Lingua Estranxeira II.

c) Lingua Galega e Literatura II.

d) Historia de España.

e) Historia da Filosofía.

2. O alumnado da modalidade de Artes na vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Debuxo Artístico II.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II.



- Deseño.
- Fundamentos Artísticos.
- Técnicas de Expresión Gráfico-plástica.

3. O alumnado da modalidade de Artes na vía Música e Artes Escénicas debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Análise Musical II ou Artes Escénicas II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
 - Análise Musical II.
 - Artes Escénicas II.
 - Coro e Técnica Vocal II.
 - Historia da Música e da Danza.
 - Literatura Dramática.

4. O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
 - Bioloxía.
 - Debuxo Técnico II.
 - Física.
 - Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
 - Química.
 - Tecnoloxía e Enxeñaría II.

5. O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

- a) Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:
 - Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.
 - Xeografía.



- Grego II.
- Historia da arte.
- Latín II.
- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

6. O alumnado da modalidade Xeral debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Ciencias Xerais.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

- Movements Culturais e Artísticos.
- As materias de modalidade de segundo curso que se ofrezan no centro.

7. Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

- Métodos Estatísticos e Numéricos.
- Psicoloxía.
- Segunda Lingua Estranxeira II.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación II.
- Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia.
- As materias de modalidade de segundo curso das enumeradas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo das materias optativas ás que se refire este punto de acordo co establecido neste decreto.

Artigo 12. *Organización do bacharelato en tres anos académicos*

1. Conforme o previsto no artigo 32.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o previsto no artigo 15 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, a consellería con competencias en materia de educación disporá as medidas que posibiliten que unha alumna ou un alumno realice o bacharelato en tres anos académicos, en réxime ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen. Nestes casos considerarase a posibilidade de que o alumnado curse simultaneamente materias de ambos os cursos de bacharelato.



2. Poderá acollerse a esta medida o alumnado que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de Música ou de Danza.
- b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.
- d) Que alegue outras circunstancias que, a xuízo da consellería con competencias en materia de educación e nos termos que dispoña, xustifique a aplicación desta medida.

3. A consellería con competencias en materia de educación determinará a distribución que se fará das materias que compoñen o bacharelato, procurando a adecuada planificación da oferta de materias con continuidade curricular que se dispón no anexo III deste decreto.

Artigo 13. *Estrutura curricular das materias*

1. O currículo do bacharelato nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para as distintas materias no anexo II deste decreto. O dito currículo estrutúrase para cada materia en:

- Introducción.
- Obxectivos, que serán comúns para toda a etapa.
- Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.
- Orientacións pedagóxicas.

2. A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos ao que van dirixidos.

Artigo 14. *Horario*

1. A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das materias dos distintos cursos da etapa é a que figura no anexo IV deste decreto.

Este horario débese entender como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das materias.



2. A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

CAPÍTULO II

DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

Artigo 15. *Autonomía dos centros*

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nas normas que a desenvolven, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo do bacharelato adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa, e fixarán a súa concreción e incorporaran a ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

3. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin leve consigo a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de esixencias para as administracións educativas.

Artigo 16. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias.



- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
 - d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
 - e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.
 - f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.
 - g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
 - h) Os criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior.
 - i) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
 - j) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.
 - k) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
 - l) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
 - m) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.
3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.

Artigo 17. *Programacións didácticas*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as directrices xerais establecidas na concreción curricular, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se imparten estas ensinanzas.
2. As programacións didácticas das materias das ensinanzas de bacharelato incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:
 - a) Introducción.
 - b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
 - c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da materia que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
 - d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.



– Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

– Procedemento para a avaliación inicial.

– Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.

– Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

– Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Artigo 18. *Principios pedagóxicos*

1. No bacharelato os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas.

Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber,



a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II deste decreto para cada unha das materias.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Artigo 19. *Elementos transversais*

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito,



o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

CAPÍTULO III

TITORÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Artigo 20. *Titoría e orientación*

1. No bacharelato, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información realizarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada materia.

3. Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporárase a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das modalidades, as vías e as materias ás que se refiren os artigos 9, 10 e 11 sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

Artigo 21. *Atención á diversidade*

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao



currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

2. A escolarización e a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel.

Así mesmo, fomentárase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade. Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para este alumnado. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

5. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na normativa que o desenvolve.

CAPÍTULO IV

AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Artigo 22. Avaliación



1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II deste decreto.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 23. *Promoción*

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.



5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III deste decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

Artigo 24. *Título de bacharel*

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.



c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Artigo 25. Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.

2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en artes plásticas e deseño poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.

3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza, e supere ademais as materias comúns.

4. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:

a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.

b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

Artigo 26. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción e os criterios de titulación, que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na



lexislación vixente e, en particular, ao carácter continuo e diferenciado segundo as distintas materias, da avaliación nesta etapa.

Artigo 27. Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción a través dun boletín individualizado, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

2. Os dereitos e os deberes referidos no punto anterior fanse extensivos ao alumnado maior de idade, sen prexuízo de que as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poidan facelos igualmente efectivos se xustifican o interese lexítimo.

3. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado, ou co propio alumnado no caso de ser maior de idade, nos que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

TÍTULO III

DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN

Artigo 28. Documentos e informes de avaliación

1. No bacharelato, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.



3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, estarase ao disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizaran os estudos. O labor de cubrir e custodiar os ditos documentos será supervisado pola inspección educativa.

Artigo 29. *Actas de avaliación*

1. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo despois da convocatoria ordinaria, e tras a convocatoria extraordinaria. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación das materias e as decisións sobre promoción e permanencia.

2. Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase "Non presentado" (NP).

3. Nas actas de segundo curso figurará, ademais, o alumnado con materias non superadas do curso anterior e recollerase a proposta de expedición do título de bacharel, xunto coa nota media da etapa, que se calculará segundo o establecido no artigo 24.4 deste decreto. Neste curso estenderanse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.

4. Para a aplicación do previsto no apartado quinto da disposición adicional primeira, farase constar ademais unha nota media normalizada, calculada sen tomar en conta a cualificación da materia de Relixión.

5. A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente ao da etapa para a que se outorga.

6. As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 30. *Expediente académico*

1. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase ao comezo



da etapa ou, de ser o caso, no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das materias nas diferentes convocatorias, as decisións de promoción e titulación e, de existiren, as medidas de apoio educativo e as adaptacións que se adoptaran para a alumna ou o alumno. Igualmente, farase constar a nota media obtida na etapa, así como a media normalizada á que se refire o punto 4 do artigo anterior.

2. O expediente académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 31. *Historial académico*

1. O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as materias cursadas en cada un dos anos de escolarización, as medidas de apoio educativo aplicadas, os resultados da avaliación en cada convocatoria, as decisións sobre promoción e permanencia, a nota media do bacharelato e a nota media normalizada, así como a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se produciran os diferentes feitos.

2. Tras finalizar a etapa, o historial académico do bacharelato entregarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou o alumno no caso de que fose maior de idade.

3. O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 32. *Informe persoal por traslado*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, copia do historial académico e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do historial académico.

2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións realizadas, a aplicación, de ser o caso, de medidas de apoio ou adaptacións, e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral da alumna ou do alumno.

3. O informe persoal por traslado será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.



Artigo 33. *Autenticidade, seguridade e confidencialidade*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia, así como a súa conservación e o seu traslado en caso de supresión ou extinción do centro.

2. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros e á seguridade e á confidencialidade destes, atenderase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, ao establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos puntos anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e sempre que se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola normativa que as desenvolve.

4. O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

TÍTULO IV

PLANS EDUCATIVOS

Artigo 34. *Bibliotecas escolares e lectura*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan lector coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas a afianzar o hábito, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar



será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan lector.

Artigo 35. *Educación dixital*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo das competencias que no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

Artigo 36. *Promoción de estilos de vida saudables*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.



Disposicións

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. *Ensinanza de relixión*

1. As ensinanzas de relixión incluíranse no bacharelato de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelén reciban ou non ensinanza de relixión, así como para o alumnado maior de idade.

3. Os centros docentes disporán, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais, ou o propio alumnado, no caso de ser maior de idade, non optasen por cursar ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición en cada un dos cursos do bacharelato.

4. A avaliación da ensinanza da relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras materias do bacharelato. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación en materia educativa subscritos polo Estado.

5. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media para os efectos de acceso a outros estudos, nin para a obtención da mención de matrícula de honra, nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

Disposición adicional segunda. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sen que iso supoña modificación do currículo regulado no presente decreto. Neste caso,



procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiran a terminoloxía propia das materias na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos no artigo 86 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. En tales criterios non se incluírán requisitos lingüísticos.

Disposición adicional terceira. *Educación de persoas adultas*

1. A consellería con competencias en materia de educación adoptará as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica dos estudos de bacharelato organizada de acordo coas súas características.

Igualmente, organizará a oferta pública de educación a distancia co fin de dar unha resposta adecuada á formación permanente das persoas adultas. Esta oferta incluírá o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

2. Co fin de adaptar a oferta do bacharelato ao principio de flexibilidade que rexe a educación de persoas adultas, na oferta que realice a consellería con competencias en materia de educación para as devanditas persoas adultas non será de aplicación o disposto nos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 23 deste decreto.

3. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato no marco da oferta específica establecida pola consellería con competencias en materia de educación para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.



4. Así mesmo, o alumnado que curse estas ensinanzas e se atope en posesión dalgún dos títulos a que se refire o artigo 25 deste decreto poderá obter o título de bacharel mediante o procedemento previsto no devandito artigo.

5. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación a organización de probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel, sempre que demostren alcanzar os obxectivos e as competencias do bacharelato. As devanditas probas, que deberán contar coas medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con necesidades educativas especiais, organizaranse de maneira diferenciada segundo as modalidades do bacharelato.

Disposición adicional cuarta. *Obtención de novas modalidades de bacharelato*

As persoas que obtivesen o título de bacharel poderán obter, nos termos que se establezan, calquera das outras modalidades mediante a superación das materias de modalidade de primeiro e de segundo curso que, conforme o previsto neste decreto, se requiren para a modalidade elixida.

Disposición adicional quinta. *Simultaneidade de estudos*

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

Disposicións derogatorias

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. A partir da total implantación das modificacións indicadas na disposición derradeira primeira, quedará derogado o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*



O disposto nos títulos II e III do presente decreto implantarase para o primeiro curso de bacharelato no curso escolar 2022-2023, e para o segundo curso de bacharelato no curso escolar 2023-2024.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas, no ámbito das súas competencias, para a execución e o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ___ de ___ de dous mil vinte dous

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade



Anexo IV

Distribución horaria

1.1 Distribución horaria da etapa

Materias	Cursos	
	1º	2º
▪ Educación Física	3	
▪ Filosofía	3	
▪ Lingua Castelá e Literatura I	3	
▪ Lingua Castelá e Literatura II		3
▪ Lingua Estranxeira I	3	
▪ Lingua Estranxeira II		3
▪ Lingua Galega e Literatura I	3	
▪ Lingua Galega e Literatura II		3
▪ Historia da Filosofía		3
▪ Historia de España		3
▪ Obrigatoria de Modalidade (1)	4	4
▪ De opción de Modalidade 1 (2)	4	4
▪ De opción de Modalidade 2 (2)	4	4
▪ Optativa (3)	4	4
▪ Relixión / Libre Disposición de Centro	1	1
Totais	32	32

(1) A materia obrigatoria de Modalidade para cada curso e modalidade ou vía será:

Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	▪ Debuxo Artístico I	▪ Debuxo Artístico II
	Vía de Música e Artes Escénicas	▪ Análise Musical I / Artes Escénicas I	▪ Análise Musical II / Artes Escénicas II
Ciencias e Tecnoloxía		▪ Matemáticas I	▪ Matemáticas II / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II



Humanidades e Ciencias Sociais		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Latín I / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Latín II / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Xeral		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas Xerais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ciencias Xerais
(2) As materias de opción de Modalidade seleccionarase para cada curso e modalidade ou vía de entre as seguintes:			
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cultura Audiovisual ▪ Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I ▪ Deseño I ▪ Proxectos Artísticos ▪ Volume 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II ▪ Deseño II ▪ Fundamentos Artísticos ▪ Técnicas de Expresión Gráfico Plástica
	Vía de Música e Artes Escénicas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise Musical I ▪ Artes Escénicas I ▪ Coro e Técnica Vocal I ▪ Cultura Audiovisual ▪ Linguaxe e Práctica Musical 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II ▪ Coro e Técnica Vocal II ▪ Historia da Música e da Danza ▪ Literatura Dramática
Ciencias e Tecnoloxía		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais ▪ Debuxo Técnico I ▪ Física e Química ▪ Tecnoloxía e Enxeñaría I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía ▪ Debuxo Técnico II ▪ Física ▪ Química ▪ Tecnoloxía e Enxeñaría II ▪ Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Humanidades e Ciencias Sociais		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Economía ▪ Grego I ▪ Historia do Mundo Contemporáneo ▪ Latín I ▪ Literatura Universal ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ▪ Grego II ▪ Historia da Arte ▪ Latín II ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II ▪ Xeografía
Xeral		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial ▪ As materias de modalidade de 1º curso que se oferten no centro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Movementos Culturais e Artísticos ▪ As materias de modalidade de 2º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa, en función da oferta do centro, seleccionarase para cada curso de entre as seguintes:			



Todas as modalidades e vías	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Anatomía Aplicada ▪ Antropoloxía ▪ Cultura Científica ▪ Literatura Galega do Século XX e da Actualidade ▪ Segunda Lingua Estranxeira I ▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación I ▪ As materias de modalidade de 1º curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Métodos Estatísticos e Numéricos ▪ Psicoloxía ▪ Segunda Lingua Estranxeira II ▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación II ▪ Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia ▪ As materias de modalidade de 2º curso
------------------------------------	---	--

1.2 Distribución horaria por cursos

1º curso

Curso	Materia	Sesións Lectivas
1º	▪ Educación Física	3
1º	▪ Filosofía	3
1º	▪ Lingua Castelá e Literatura I	3
1º	▪ Lingua Estranxeira I	3
1º	▪ Lingua Galega e Literatura I	3
1º	▪ Obrigatoria de Modalidade (1)	4
1º	▪ De opción de Modalidade 1 (2)	4
1º	▪ De opción de Modalidade 2 (2)	4
1º	▪ Optativa (3)	4
1º	▪ Relixión / Libre Disposición de Centro	1
Total 1º		32

(1) A materia obrigatoria de Modalidade de 1º curso para cada modalidade ou vía será:

Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	▪ Debuxo Artístico I
	Vía de Música e Artes Escénicas	▪ Análise Musical I / Artes Escénicas I
Ciencias e Tecnoloxía		▪ Matemáticas I



Humanidades e Ciencias Sociais		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Latín I / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
Xeral		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas Xerais
(2) As materias de opción de Modalidade de 1º curso seleccionarase para cada modalidade ou vía de entre as seguintes:		
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cultura Audiovisual ▪ Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I ▪ Deseño I ▪ Proxectos Artísticos ▪ Volume
	Vía de Música e Artes Escénicas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise Musical I ▪ Artes Escénicas I ▪ Coro e Técnica Vocal I ▪ Cultura Audiovisual ▪ Linguaxe e Práctica Musical
Ciencias e Tecnoloxía		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais ▪ Debuxo Técnico I ▪ Física e Química ▪ Tecnoloxía e Enxeñaría I
Humanidades e Ciencias Sociais		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Economía ▪ Grego I ▪ Historia do Mundo Contemporáneo ▪ Latín I ▪ Literatura Universal ▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
Xeral		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial ▪ As materias de modalidade de 1º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa de 1º curso, en función da oferta do centro, seleccionarase de entre as seguintes:		
Todas as modalidades		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Anatomía Aplicada ▪ Antropoloxía ▪ Cultura Científica ▪ Literatura Galega do Século XX e da Actualidade ▪ Segunda Lingua Estranxeira I ▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación I ▪ As materias de modalidade de 1º curso



2º curso

Curso	Materia	Sesiões Lectivas
2º	▪ Lingua Castelá e Literatura II	3
2º	▪ Lingua Estranxeira II	3
2º	▪ Lingua Galega e Literatura II	3
2º	▪ Historia da Filosofía	3
2º	▪ Historia de España	3
2º	▪ Obrigatoria de Modalidade (1)	4
2º	▪ De opción de Modalidade 1 (2)	4
2º	▪ De opción de Modalidade 2 (2)	4
2º	▪ Optativa (3)	4
2º	▪ Relixión / Libre Disposición de Centro	1
Total 2º		32

(1) A materia obrigatoria de Modalidade de 2º curso para cada modalidade ou vía será:

Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	▪ Debuxo Artístico II
	Vía de Música e Artes Escénicas	▪ Análise Musical II / Artes Escénicas II
Ciencias e Tecnoloxía		▪ Matemáticas II / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Humanidades e Ciencias Sociais		▪ Latín II / Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Xeral		▪ Ciencias Xerais

(2) As materias de opción de Modalidade de 2º curso seleccionaranse para cada modalidade ou vía de entre as seguintes:

Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II ▪ Deseño II ▪ Fundamentos Artísticos ▪ Técnicas de Expresión Gráfico Plástica
	Vía de Música e Artes Escénicas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II ▪ Coro e Técnica Vocal II ▪ Historia da Música e da Danza



		<ul style="list-style-type: none">Literatura Dramática
Ciencias e Tecnoloxía		<ul style="list-style-type: none">BioloxíaDebuxo Técnico IIFísicaQuímicaTecnoloxía e Enxeñaría IIXeoloxía e Ciencias Ambientais
Humanidades e Ciencias Sociais		<ul style="list-style-type: none">Empresa e Deseño de Modelos de NegocioGrego IIHistoria da ArteLatín IIMatemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais IIXeografía
Xeral		<ul style="list-style-type: none">Movementos Culturais e ArtísticosAs materias de modalidade de 2º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa de 2º curso, en función da oferta do centro, seleccionarase de entre as seguintes:		
Todas as modalidades		<ul style="list-style-type: none">Métodos Estatísticos e NuméricosPsicoloxíaSegunda Lingua Estranxeira IITecnoloxías da Información e da Comunicación IIXeografía, Historia, Arte e Patrimonio de GaliciaAs materias de modalidade de 2º curso